




G.C.S.U.S.  
Grupo de Creación Sonora  
da Universidade de Santiago



colaboran



LUGO CULTURAL



## 11SONSCREATIVOS

Arte sonora e electroacústica

### PROGRAMA 3 MAIO

Casa do saber ás 20:00 h  
Praza Pío XII, nº 3, 27001 Lugo

Entrada gratuíta ata  
completar aforo

EN DIRECTO: **EFRAÍN DIAZ,**  
**SIMÓN DESORGHÉ E**  
**DAVID STEVENS**



## PROGRAMA DOCICLO

### VENRES 3 DE MAIO

Casa do Saber ás 20.00 h

CONCERTOS en directo:

**EFRAÍN DIAZ,**  
**SIMÓN DESORGHÉ e**  
**DAVID STEVENS**

### SÁBADO 4 DE MAIO

Casa do Saber ás 20.30 h

CREACIÓNS SONORAS:

**Universidade Politécnica  
de Valencia (Bloque II)**

CONCERTOS en directo:

**MÓNICA ÁLVAREZ e**  
**SUSAN DRONE**

### DOMINGO 5 DE MAIO

Casa do Saber ás 20.30 h

CREACIÓNS SONORAS:

**Universidade Politécnica  
de Valencia (Bloque III)**

CONCERTOS en directo:

**ATILIO DORESTE e A.A.V.V**

## 11SONSCREATIVOS

Os 11<sup>o</sup> Sons Creativos traen de novo á vida cultural de Lugo un aspecto da música pouco habitual na programación: o mundo da música electroacústica e da arte sonora, baixo a dirección de Inmaculada Cárdenas, e contando coa colaboración, como codirector, do artista sonoro e compositor Xoán-Xil López.

As propostas electroacústicas e de arte sonora deberían de ampliar a súa marxe de difusión e a Área de Cultura da USC a través desta plataforma quere colaborar a que isto sexa unha realidade. Continuando coa liña marcada nas pasadas edicións, estes SONS CREATIVOS proxéctanse co obxectivo de impulsar o diálogo entre propostas da escena local e internacional e a colaboración con outras institucións (universidades, fundacións, etc.) que dedican un importante esforzo ao apoio da creación sonora contemporánea.

Nesta ocasión contaremos coa presenza dos artistas e compositores ATILIO DORESTE, DAVID STEVENS, MATEO MENA, RAMÓN SOUTO, SIMÓN DESORGHÉ e SUSAN DRONE. Ademais INMACULADA CÁRDENAS, EFRAÍN DÍAZ e MÓNICA ÁLVAREZ, membros do GCSUS, presentaran algúns dos seus recentes traballos.

Este ano tamén contamos coa inestimable colaboración da AMEE (Asociación de Música Electroacústica de España), a través dunha dobre convocatoria de concertos, e da Universidade Politécnica de Valencia un centro de referencia cunha ampla traxectoria tanto na creación como na educación arredor da arte sonora. Miguel Molina preparou unha selección de traballos tanto individuais como colectivos que amosan a amplitude dos postulados cos que se pode enfocar este ámbito artístico.

+ info e matrícula nos obradoiros en:  
[sonscreativos.weebly.com](http://sonscreativos.weebly.com)

Oficina de Cultura  
Sita no Vicerreitorado de Coordinación Campus Lugo

982 821 513  
[cultura.lugo@usc.es](mailto:cultura.lugo@usc.es)

11SONSCREATIVOS

Arte sonora e electroacústica

**EFRAÍN DÍAZ**

**BIOGRAFÍA:** É intérprete, investigador e compositor. Comeza os estudos de música co seu pai Cándido Díaz aos 8 anos e recibiu cursos de percusionistas coma Pilar García Ríos, Eric Sammut, Markus Leosson, Philippe Spiesser, Igor Lesnik, Ludwig Albert, Chin Cheng Lin, N.J. Zivkovick, Beverley Jhonston, Jean Geoffroy entre outros.

**Arte, Natura y Paisaje**

Exerceu o seu labor docente en diversas escolas de música e no 2008 editou o seu primeiro disco de solista de percusión *Viaje por Kallaikía*. No ano 2015 edita *Pito Galego* e en 2018 *O Bosque do Asubiador*, estes dous últimos dedicados ao pito pastoril galego.

Actualmente é profesor de Gaita, Pito Pastoril Galego e Percusión na Escola Municipal de Lugo e forma parte da Banda Municipal de Música de Lugo dende 2004.

É membro permanente do GCSUS (Grupo de Creación Sonora da Universidade de Santiago de Compostela), xunto a Inmaculada Cárdenas e Mónica Álvarez. Ademais de ser

gaiteiro do cuarteto Coventina e do grupo Son de Lugh, toca o pito pastoril en Pitanfona (pito pastoril-zanfona) e no proxecto Consort de Pitos Pastoriles.

**OBRA:**  
*Sonificación espacial* (estrea)

No espazo a ausencia dun medio elástico ten como consecuencia a non escoita de ningún son nas frecuencias de audición dun ser humano, os gases permiten que as ondas de son se propaguen. Este gas é moito máis denso que a nosa atmosfera e transmite estes sons inaudibles, e a través da sonificación de datos cáptase esta enerxía e tradúcese a sons audibles.

A sonificación é un campo en desenvolvemento, a medio camiño entre a representación científica e a creación artística sonora e é precisamente neste último, no que se inspira esta obra para caixa orquestral coa que se "sonifica o espazo". Con esta obra preténdese sonorizar o espazo do oínte (auditorio) mediante a amplificación do redobrante por medios electrónicos, simulando así algunha parte do espazo.

**DAVID STEVENS+****SIMON DESORGHER**

**BIOGRAFÍA DAVID STEVENS:** Ademais de impartir obradoiros, David Stevens é artista sonoro e traballa no ámbito da música electrónica con ordenador. A súa primeira composición incluía poesía e danza, e foi presentada en Demontfort Hall en 1971 como parte do concurso Schools Forward de Leicestershire, en cuxa orquestra tamén tocou a trompa. A principios da década dos 70, traballou para a marca de sintetizadores EMS en Londres e realizou traballos de música electrónica para cinta no Cockpit Theatre. Compuxo música para televisión (incluíndo *Small Objects of Desire and Uncertainties*) e na actualidade traballa cun software para a manipulación sonora creado por el mesmo. O seu principal interese reside no "time stretching" extremo (manipulación temporal do son) e na superposición de sons naturais (obxectos atopados, instrumentos musicais e voz) co fin de crear paisaxes sonoras densas e de múltiples capas que exploren as texturas e melodías ocultas en breves salvas de audio, e que transporten ao oínte a través dunha viaxe case chamánica utilizando o son.

**BIOGRAFÍA SIMON DESORGHER:**

É un reputado frautista que traballa no ámbito da experimentación contemporánea investigando na ampliación da gama tímbrica deste instrumento. Interpretou obras propias e doutros compositores nas principais cidades de Europa e tocou en solitario obras de frauta contemporánea para emisións da BBC Radio 3. Entre os métodos máis inusuais utilizados por Simon inclúese o uso da frauta de pan máis grande do mundo, construída por el mesmo e que se atopa no Libro Guinness dos Récords, as *performances* no espazo público nas que toca a frauta suspendido no aire a 8 metros de altura dentro dunha esfera xigante que flota na auga, ou o uso como instrumento dunha moto *vintage* conectada a un ordenador.

**MÚSICA PARA FRAUTAS E ELECTRÓNICA**

*Chacona Two in one upon a ground de Dioclesian / Henry Purcell*

Este arranxo de Simon Desorgher deste canon sobre un contrabaixo é interpretado por un frautista coa axuda de electrónica a cargo de David Stevens creando os canons e o contrabaixo.

*NoaNoa / Kaija Saariaho*

Composta en 1992, NoaNoa fai alusión a unha madeira cortada por Paul Gauguin e ao seu diario de viaxe escrito durante a súa estancia en Tahití. Pódense escoitar fragmentos de frases extraídas deste libro que son murmuradas e cantadas acompañadas da frauta, que utiliza moitas técnicas estendidas: novos tipos de trilos, multifónicos, cantos, sons de respiración, glissandi, todos transformados a través do ordenador o que converte este instrumento nunha especie de "superfrauta".

*Music of the Spheres, de Simon Desorgher*

Music of the Spheres foi composta para ser interpretada por Simon Desorgher mentres permanece suspendido no centro dunha esfera xigante (do tamaño dun edificio de seis pisos) que flota nun río, lago ou no mar. Esta versión máis espectacular presentouse en diferentes espazos como o río Támesis en Londres, nun lago en Portugal ou no mar do noroeste de Inglaterra. A obra pertence ao "Ciclo da auga" e conta a historia da viaxe da auga dende o mar, a través da evaporación nas nubes, caendo como choiva, nas montañas para formar fervezas que baixan aos ríos e

ata os esteiros máis poderosos, para regresar finalmente ao mar. As notas da música foron tomadas de La Mer de Debussy. O ordenador crea unha orquestra de frauta completando o instrumento solista.

*Concert Study 1, de Simon Desorgher*

Unha peza de frauta solista que crea todos os seus sons partindo de diferentes tipos de trilos e batementos para xerar diferentes imaxes: resplandores, sons de chicharras pola noite ou sons electrónicos.

*El Camino Proclama, de David Stevens*

A versión orixinal desta peza foi unha colaboración entre David Stevens e a poeta suramericana Lina Ru, que escribiu e recitaba as palabras. Todos os sons foron creados a partir da voz de Lina, organizados nunha paisaxe sonora que apoia e potencia a atmosfera das palabras. Esta nova versión en directo é recitada e transformada en tempo real polo compositor.

*Great Train Race, de Ian Clarke*

Unha peza moi divertida que soa como o seu subtítulo indica "a frauta como non a escoitas normalmente". A obra inclúe a flexión dos beizos, harmónicos

explosivos, cantar e tocar simultaneamente, etc. Todo para crear imaxes dunha tola carreira entre trens de vapor.

*A Axitación do Momento Inmóbil, de Simon Desorgher e David Stevens*

Creada especialmente para este concerto en Lugo, Simon e David usan todos os seus instrumentos (frauta baixo, frauta, frauta de pan, frauta nasal, Kaos Pads e ordenador xunto a diferentes controladores) nunha improvisación que explora as texturas e os movementos que se esconden dentro dos sons.

*Versión contemporánea do Canon a tres partes e baixo continuo de Johann Pachelbel*

Este famoso canon foi composto entre 1680 e 1706 para tres violíns e baixo. Crese que podería estar escrito para a voda de Johann Christoph Bach. A maxia da computación permite que as tres partes e o baixo continuo sexan tocadas por un frautista. A nosa versión é un verdadeiro canon. Cada pequeno detalle ou trilo espontáneo que reproduce Simon escoitarase repetidamente precisamente na segunda e terceira parte cando o ordenador as devolve.